



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTIVIDADES FORESTAIS

Conforme o artigo 4 da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Cerdido aprobada en 2013, as persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Cerdido deberán inscribirse nun Rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades.

Para realizar **traballos de corta e saca de madeira** en plantacións forestais deste Concello, cun volume estimado superior a 20 metros cúbicos, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha **comunicación previa por escrito**, cunha **antelación mínima de tres días** ó comezo das actividades. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foren da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico.

Non presentar o escrito de comunicación previa considerase unha infracción grave que pode ser sancionada cunha **multa de contía comprendida entre 300,01 e 1.500,00 euros**.